

Votos para a concordia

Description

A consolidación do proceso de paz en Camboia presenta varias hipotecas. En primeiro lugar, trátase dun país economicamente arruinado, totalmente desfeito e empobrecido, onde as tarefas agrícolas dos seus habitantes (nove de cada dez viven no campo) son imposibles de efectuar pola elevadísima densidade de minas antipersoais que habitan os arrozais. En segundo lugar, o plan de paz da ONU, globalmente exitoso, non culminou sen embargo o pleno desarme das diferentes faccións. En maior ou menor medida, todas están en condicións de reproducir os enfrontamentos armados que se viñeron producindo ó longo destes anos. En terceiro lugar, a fragilidade das institucións e a inhabilitación de espazos suficientes para o consenso productivo da inexistencia dunha vontade política xenerosa e suceptible de transformar a necesidade en virtude. Por último, pero non por iso menos importante, a incompatibilidade persoal entre os principais líderes do país, Hun Sen e o príncipe Norodom Ranaridh, que aspiran ó control absoluto e non compartido do poder.

Pero se algo demostrou a evolución posterior á asonada de hai un ano é que sen reconciliación non hai futuro para Camboia. Pese ó éxito das súas manobras militares e políticas, Hun Sen, apoiado por Vietnam e a China, non conseguiu estabilizar un país esgotado por unha das maiores traxedias producidas neste século. Pola súa banda, as intrigas do príncipe Ranaridh procurando unha alianza cos restos das forzas de Pol Pot para reducir a influencia dos seus principais rivais, ademais de extremadamente perigosas soamente poden desacreditalo ante a comunidade internacional e os propios camboianos. Por iso, destas eleccións soamente poden saír gañadores a paz e a concordia. Con independencia dos resultados concretos, os principais líderes e partidos deberán por forza de entenderse se realmente desexan un mínimo futuro para o seu país deixando atrás a incerteza dun novo conflito civil.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 29, 1998

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 1998-07-29 00:00:00